

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de novembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día dezoito de novembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1155).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(1156).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A. PARA A REUNIÓN DO DÍA 18 DE NOVEMBRO DE 2016. EXPTE. 1444/110.

Dáse conta da referida proposta do Alcalde-presidente, de data 18/11/16, que di o seguinte:

A mercantil PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A., concesionaria da obra pública do Pazo-Auditorio Mar de Vigo ten convocado Consello de Administración para o día 18 de novembro do presente ano.

A Xunta de Goberno Local ten nomeado como representantes municipais no Consello de Administración de PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A. a determinados concelleiros, entre eles o concelleiro D. Carlos López Font que ten comunicada a esta Alcaldía a súa imposibilidade de asistencia á reunión convocada.

De conformidade co exposto propónse á Xunta de Goberno Local que ao amparo do sinalado no artigo 127.1.m) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Nomear ao concelleiro delegado de Economía e Facenda, D. Xaime Aneiros Pereira representante municipal, en substitución do concelleiro D. Carlos López Font, na reunión do Consello de Administración de PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A. a celebrar o próximo día 18 de novembro.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao concelleiro interesado e á mercantil concesionaria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(1157).- PRÓRROGA DO PRAZO DE TRÁMITE DE AUDIENCIA NO EXPEDIENTE INCOADO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES Á EMPRESA ADXUDICATARIA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE ZONAS VERDES. 7614/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 16/11/16 , asinado pola xefa o Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).

–Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF), de aplicación non que non se opoña ao TRLCSF.

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación non que non se opoña ao TRLCSF.

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 6 de agosto de 2015, a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar á mercantil ALTHENIA, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446).

Segundo.- En data 5 de outubro de 2015, a resolución do TACRC nº 901/2015, estimando o recurso especial en materia de contratación interposto pola mercantil VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., declara nulo o acordo de adxudicación do contrato.

Terceiro.- En data 31 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno Local, acordou que ALTHENIA, S.L., continuase “coa prestación do servizo de mantemento de zonas verdes da cidade de Vigo, nas mesmas condicións que as establecidas no contrato anulado desde o Auto do TSXG de 7 de marzo de 2016 ata a formalización do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo”.

Cuarto.- En data 3 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local, acordou:

“1º.- Incoar procedemento para a imposición dunha penalidade á empresa Althenia, S.L., do 5% do importe de adxudicación do contrato, que ascende a 899.205,30 €, pola comisión da falta de “A prestación manifestamente irregular do servizo”, tipificada como moi grave na cláusula 34.3.b).2 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato.

2º.- Dar trámite de audiencia a Althenia, S.L., por un prazo de 15 días hábiles, para que alegue o que o seu dereito conveña.”

Este acordo foille notificado ao interesado o mesmo día, comezando o cómputo do prazo do trámite de audiencia o día 4 de novembro, e rematando o día 24 de novembro.

Quinto.- D. Javier Delgado López, en nome e representación de ALTHENIA, S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de data 11 de novembro de 2016, solicita unha ampliación do prazo de trámite de audiencia no expediente incoado para a imposición de penalidades. Xustifica a ampliación do prazo no feito de que necesita máis tempo para a comprobación dos feitos e cumprir co trámite, dado o elevado número de incumprimentos relacionados no expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-/-

Da concorrencia dos requisitos para a prórroga do prazo de trámite de audiencia

O artigo 32.1 da LPAP permite á Administración, salvo precepto en contrario, conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e non se prexudican dereitos de terceiro, e sempre e cando, tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación, se produzan antes do vencemento do prazo de que se trate, pois non resulta posíbel a ampliación de prazos vencidos (artigo 32.3 LPAP).

Tendo en conta as circunstancias concorrentes:

- A solicitude formulouse antes do vencemento do prazo.
- Coa ampliación de prazo solicitada non prexudícanse dereitos de terceiro, pois o solicitante é o único interesado no procedemento.
- Parece aconsellable acceder ao solicitado por canto, tal e como manifesta o recorrente, no expediente relaciónanse incumprimentos en numerosas zonas.

Consonte ao precepto transcrito procede conceder ó adxudicatario unha ampliación do prazo de audiencia de 8 días hábiles, o cal comezará a computarse a partir do día seguinte o do vencemento do prazo en vigor, é dicir, o día 25 de novembro de 2016.

-II-
Competencia

A competencia para a acordar a prórroga do prazo correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Conceder unha prórroga do prazo outorgado a ALTHENIA, S.A., por resolución de data 3 de novembro de 2016, de 8 días.

2º.- O cómputo deste prazo iniciarase o día 25 de novembro”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1158).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MONTE DA MINA-CASTRELOS. EXPTE. 15121/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 16/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 10/11/16, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

9.- Proposta de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina – Castrelos (15121-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)*
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011*
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina – Castrelos (15121-333)*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo, que rectifica o adoptado na sesión do 7 de outubro:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan:

- LIMONTA SPORT IBERICA, SL*
- DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL*
- PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL*
- CONSTRUCTORA EDISERPO, SL*
- HORDESCON, SL*
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA*

Segundo.- Excluir ás empresas que se relacionan a continuación, por non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións (artigo 152 do TRLCSP):

- REALTURF SYSTEMS, SL*
- OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, SL*

- NAROM, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
MONDO IBERICA, SA	80,00
MECANO SPORT, SL	78,42
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	77,23
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, SL	64,54
NATURF DEVELOP, SL	64,10
SPORT EQUIPALIA, SL	46,21

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 844,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado o 11 de outubro de 2016 ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, que presenta a documentación requirida o 21 de outubro de 2016, dentro do prazo concedido para o efecto.

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 26 de outubro de 2016, comprobou que a empresa non acreditou o depósito da garantía complementaria que se esixe na cláusula 22 e apartado 10B do Anexo I (FEC) do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, por terse cualificado inicialmente a súa oferta como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e terse xustificado adecuadamente e admitido para a súa valoración. Así mesmo, non consta na documentación presentada a copia do recibo de pagamento da prima do período en curso, sen a cal o certificado do seguro de responsabilidade civil que achega carece de validez (como así consta no propio certificado). En base ao anterior, concedéuselle á empresa un

prazo de tres días hábiles para que presentase a citada documentación, que foi presentada o 3 de novembro de 2016.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 9 de novembro de 2016 examina a documentación presentada pola empresa nas datas 21 de outubro e 3 de novembro comprobando que é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola Administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MONDO IBERICA, SA.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MONDO IBERICA, SA o procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina – Castrelos (15121-333) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 160.928,79 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.929,79 euros.
- b) O prazo de garantía increméntase en 156 meses, polo que o prazo total é de 168 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1159).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DO MONTE DA MINA-CASTRELOS. EXPTE.15587/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/11/16, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de xullo de 2016, acordou aprobar o "EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA, EN BASE AO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. EXPTE. 15121/333".

2.- A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de novembro de 2016, entre outros asuntos acordou propoñer á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a MONDO IBERICA, SA o procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina – Castrelos (15121-333) coas seguintes condicións:

O prezo total do contrato é de 160.928,79 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.929,79 euros.

O prazo de garantía increméntase en 156 meses, polo que o prazo total é de 168 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada".

3.- De ser aprobada a anterior proposta pola Xunta de Goberno Local, deberase proceder ao nomeamento da Dirección facultativa da obra e a aprobación das demais actuacións necesarias para a correcta e regular execución do contrato; aprobación de actuacións a que se refire o presente informe-proposta, subordinado á previa aprobación da proposta da Mesa de Contratación da adxudicación do contrato do expediente 15121/333.

IV.- O PCAP que rexe o procedemento de contratación das obras arriba indicadas establece no punto 4 da súa cláusula 1ª que a dirección facultativa das obras será a responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo, especifica a dita cláusula do PCAP as funcións da dirección facultativa e dispón que a dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, entre técnicos con

titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate; titulación adecuada e suficiente para a dirección das obras de referencia que concorre nos funcionarios municipais, cuxo nomeamento aquí se propón.

V.- Doutra parte, a axilidade e eficiencia que require a xestión desta actuación na estrutura da Área de Deportes do Concello de Vigo e o carácter predominantemente executivo e técnico das actuacións que, salvo a eventual modificación do contrato, se producen tras a aprobación do expediente de contratación, ata a recepción das obras, aconsella a delegación da súa aprobación no concelleiro delegado da Área de Deportes; razóns polas cales se propón á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (D.A. 2.3 TRLCSP) a delegación no devandito concelleiro da aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras e, de ser o caso, os seus anexos, o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde das obras, a aceptación do Plan de xestión de residuos de obra, a aprobación do Programa de traballo, a aprobación do Plan de calidade e, en fin, a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

VI.- A aprobación das ditas actuacións é delegable, de acordo co artigo 127.2 LRBRL que inclúe a materia de contratación como delegable, non obstante a derogación do apartado 1.f) do artigo 127 LRBRL pola disposición derogatoria única, apartado b) da LCSP/2007 e a substitución desta pola D.A. 2.3 da mesma norma e do actual TRLCSP disposición do artigo 127.2 LRBRL que debe entenderse referida a esta disposición adicional.

VII.- A delegación de atribucións pola Xunta de Goberno Local surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP de Pontevedra (artigos 44 e 51 do ROF).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, para o caso da previa aprobación pola mesma da proposta da Mesa de Contratación de 09/11/2016, sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA, EN BASE AO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. EXPTE. 15121/333, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: aprobar o nomeamento como titulares da dirección facultativa da obra de "RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA, EN BASE AO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. EXPTE. 15121/333, e como coordinadores de seguridade e saúde, aos arquitectos municipais Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

Segundo: delegar no concelleiro-delegado da Área de Fomento a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das ditas obras e, de ser o caso, os seus anexos, a aceptación do Plan de Xestión de residuos da obra, a aprobación do Programa de Traballo, a aprobación do Plan de Calidade e a aprobación das certificacións de obras que se expidan na execución do contrato.

Terceiro:- A delegación de atribucións producirá efecto desde o día seguinte ao da data do acordo e publicarase no BOP de Pontevedra.

Cuarto.- Notifíquese o presente acordo á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación da obra de "DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA, EN BASE AO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. EXPTE. 15121/333 e aos demais interesados no presente expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1160).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 78025/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola Secretaria da Mesa de Contratación, con data 17/11/16, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 17 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

7.- Propostas de clasificación

a) *Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (78025-250)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 26 de outubro de 2016 de "Excluír a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA, por declarar unha solvencia técnica insuficiente ao abeiro do previsto na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación e o apartado 6A do seu Anexo I (non consta que teñan a clasificación G-4-3 esixida para licitar a dous lotes, 3 e 4) e

non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para a súa emenda”.

Segundo.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de firmes en vías municipais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4 lotes) (expediente 78025-250), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter xustificado os mesmos, aos seguintes licitadores:

- Lote 1:

- HORDESCON, SL
- ELSAMEX, SA

- Lote 2:

- HORDESCON, SL

- Lote 3:

- HORDESCON, SL

- Lote 4:

- OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

LOTE Nº 1: “Asfaltado de vías municipais. Vigo este”:

	Empresas	Puntuación
1	UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, S L	100,00
2	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S A	99,95
3	PAVIMENTACIONES MORALES, S L	97,77
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	97,23
5	CONSTRUCCIONES RAFER, S L	96,79
6	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	94,99
7	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	94,48
8	NEMESIO ORDOÑEZ S A	93,03
9	MISTURAS, S A	92,69
10	EXTRACO, S A	92,41
11	CONSTRUCCIONES FECHI, S L U	88,45
12	NAROM, S L	79,68
13	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S A (ACOVAL)	69,78
14	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S A	69,47
15	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S A	48,73

LOTE Nº 2: "Asfaltado de vías municipais. Vigo sur":

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	100,00
2	UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, S L	99,92
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S L	99,28
4	ELSAMEX, S A	98,65
5	PAVIMENTACIONES MORALES, S L	97,97
6	CONSTRUCCIONES RECURSA, S A	97,06
7	CONSTRUCCIONES RAFER, S L	96,82
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	96,02
9	NEMESIO ORDOÑEZ S A	95,61
10	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	94,99
11	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	94,83
12	CONSTRUCCIONES VALE, S L	94,42
13	MISTURAS, S A	92,78
14	EXTRACO, S A	92,45
15	NAROM, S L	88,24
16	CONSTRUCCIONES FECHI, S L U	83,95
17	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S A (ACOVAL)	71,96
18	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S A	58,08
19	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S A	41,29

LOTE Nº 3:"Asfaltado de vías municipais. Vigo centro":

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, S L	100,00
2	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	99,22
3	ELSAMEX, S A	99,19
4	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	97,06
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S L U	96,74
6	NEMESIO ORDOÑEZ S A	96,68
7	CONSTRUCCIONES VALE, S L	95,73
8	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	95,53
9	CONSTRUCCIONES RAFER, S L	95,26
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	94,89
11	MISTURAS, S A	93,14
12	EXTRACO, S A	92,90
13	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S A (ACOVAL)	77,03
14	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S A	39,26
15	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S A	33,41

LOTE Nº 4: "Asfaltado de vías municipais. Vigo oeste":

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	100,00
2	UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, S L	98,49
3	HORDESCON, S L	98,26
4	ELSAMEX, S A	97,61
5	CONSTRUCCIONES RECORSA, S A	97,12
6	OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRIA,SLU	96,52
7	NEMESIO ORDOÑEZ S A	94,71
8	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	94,64
9	CONSTRUCCIONES RAFER, S L	94,47
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	93,90
11	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	92,35
12	MISTURAS, S A	92,13
13	EXTRACO, S A	91,91
14	NAROM, S L	91,76
15	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S A (ACOVALL)	74,50
16	CONSTRUCCIONES FECHI, S L U	68,25
17	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S A	40,74
18	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S A	38,05

Cuarto.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, SL (lote 1); CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A (lote 2); UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E FEVISA VIAS Y OBRAS, SL (lote 3) e CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S A (lote 4) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo das garantías definitiva e complementaria.

Quinto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.070, 08 euros (267,52 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

7(1161).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA VÍA NORTE (FASE I), ENTRE TRAVESÍA DE VIGO E A RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 3943/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola Secretaria da Mesa de Contratación, con data 17/11/16, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 17 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

7.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 26 de outubro de 2016 de “Excluír á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, SL, xa que segundo o informe do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 25 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor “inclúe información doutra obra dentro da documentación recollida no sobre B” e, consecuentemente, non se axusta ao disposto no prego de prescricións técnicas (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación)”.

Segundo.- Excluír do procedemento aberto para a contratación das obras b) de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter xustificado os mesmos, aos seguintes licitadores:

- NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ SLU*
- DRAGADOS, SA*
- UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS*
- ELSAMEX, SA*
- CONSTRUCCIONES VALE, SL*
- UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU*
- HORDESCON, SL*
- PROYECON GALICIA, SA*

- UTE CONSTRUCCIONES OREGA SL- CONST. DELFIN FERREIRO RGUEZ, SL
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	CIVISGLOBAL, SLU	85,44
2	ORECO, SA	85,22
3	AVAN INTEGRAL, SL	85,06
4	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	83,82
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL	83,16
6	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, SA	81,51
7	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	80,98
8	ORESA, SL	80,75
9	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA-ALVAC	79,41
10	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA	79,16
11	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA-COPSESA	78,24
12	COPCISA, SA	77,83
13	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA	77,67
14	UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS SL- OGMIOS PROYECTO, SL	77,58
15	NAROM, SL	76,37
16	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, SL	69,56
17	GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	22,11

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva.
5. Resgardo de garantía complementaria por importe de 6.010, 10 euros.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 675, 76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.